
VI CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA CULTURA ACCESIBLE E INCLUSIVA 2021

AXUDAS PARA FAVORECER A INCLUSIÓN E A ACCESIBILIDADE
NA VIDA CULTURAL



Cultura Inclusiva BASES DA CONVOCATORIA

Prazo de presentación de proxectos aberto ata o 10 de setembro 2021

Coa colaboración de:

INTRODUCCIÓN

A Fundación Emalcsa ten entre os seus obxectivos xerais e actividades fundacionais, segundo os seus Estatutos::

- O deseño, promoción e realización, de forma directa ou concertada, de programas de integración social, prestacións sociais, promoción económica e fomento do emprego e todas aquelas actividades de colaboración e apoio ás funcións que o Concello da Coruña leve a cabo, ou teña previsto desenvolver no futuro, no marco da súa Política Social (Art. 6.a)
- O desenvolvemento e impulso de todo tipo de manifestacións culturais na cidade da Coruña, e difusión da cultura da cidade no mundo e especialmente no ámbito da Unión Europea. (Art. 6. c))
- A promoción da igualdade de oportunidades e da integración social e laboral da poboación en xeral e especialmente das persoas e colectivos que poidan sufrir discriminación ou dificultade para a súa plena integración social por razón de idade, de déficits de formación, de diversidade funcional ou discapacidade, de padecer adiccións, ou de calquera outra causa (Art. 7.a.1.1)

Considerando estes fins e que a promoción de actividades culturais ofrecen oportunidades únicas para a promoción e transmisión de valores, para a integración e a cohesión social, a Fundación Emalcsa realiza unha convocatoria de axudas para fomentar unha cultura inclusiva a través da igualdade de oportunidades no acceso á cultura na cidade da Coruña e a eliminación de obstáculos para a plena participación de toda a cidadanía nela, en especial dos que, por algunha razón física ou cognitiva, ven privados do pleno goce dos seus dereitos.

A convocatoria está dirixida a apoiar a entidades culturais que en colaboración con polo menos unha entidade social presenten proxectos específicos, dentro da súa programación e/ou actividades habituais, especialmente deseñadas para a presente convocatoria e coa metodoloxía adecuada, dentro dalgunha das finalidades referidas no apartado 1º das presentes bases.

Esta VI Convocatoria, desenvólvese dentro dunha realidade social, económica e cultural claramente condicionada pola crise socio-sanitaria do COVID-19. Neste contexto, o padroado da Fundación Emalcsa, renova a súa aposta polo apoio ao sector cultural en todas as súas dimensións, especialmente priorizando a preservación do tecido cultural e fomentando o desenvolvemento de actividades culturais a favor do benestar social. Con todo, co fin de previr diversos escenarios posibles en relación coa pandemia, a convocatoria inclúe determinados mecanismos excepcionais para adaptarse ás circunstancias (Base 9ª). Igualmente, é imprescindible e pertinente que as entidades solicitantes teñan en conta o contexto COVID-19 no deseño do seu plan de actividades, e nas datas, formatos e posibilidades reais de desenvolvemento destas.

A prioridade para a Fundación Emalcsa é a de favorecer que as entidades poidan alcanzar os obxectivos dos seus proxectos, máis relevante se cabe nestes momentos, á vez que se garanten todas as medidas socio-sanitarias para a súa adecuada execución.

2 | Bases VI Convocatoria Cultura Accesible e Inclusiva

Coa colaboración de:

A fundación Emalcsa solicitará ao concello da Coruña as autorizacións e aprobacións previstas na disposición adicional décimo sexta da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

1. OBXECTO E FINALIDADE DA AXUDA

É obxecto desta convocatoria outorgar subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a apoiar economicamente a entidades culturais da cidade da Coruña que presenten proxectos e iniciativas culturais que impulsen a creación artística e cultural atendendo á integración de colectivos actualmente excluídos ou en risco de exclusión, co fin de lograr unha plena participación de toda a cidadanía nela.

Os proxectos que concorran a esta convocatoria, deberán favorecer a construción dun tecido cultural sólido e organizado, que xere propostas de calidade e equilibradas en canto á variedade e accesibilidade na programación ofertada.

Esta liña de subvencións non está dirixida a apoiar actividades que se realicen no marco de eventos gastronómicos, turísticos, festivos ou meramente sociais.

Para iso, os proxectos que concorran na presente convocatoria deberán atender, como mínimo, a un dos tres fins dos proxectos subvencionables na convocatoria, descritos a continuación:

1.1. FINS DOS PROXECTOS SUBVENCIONABLES

- a. Aumentar a accesibilidade de lugares físicos ou virtuais onde se ofrezan representacións ou servizos culturais tales como teatros, museos, cinemas, bibliotecas, páxinas web ou outros.
- b. Elaboración de material e/ou desenvolvemento de programación e de actividades culturais en formatos accesibles e que inclúan mecanismos para incentivar a participación dos colectivos actualmente excluídos ou en risco de exclusión cultural.
- c. Promover o acceso das persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social á oferta cultural da cidade facilitando os recursos de apoio necesarios e fomentar a participación activa destas persoas na creación artística para que poidan desenvolver e utilizar o seu potencial creativo, artístico e intelectual, non só no seu propio beneficio senón tamén para o enriquecemento da sociedade.
- d. Promover a investigación, desenvolvemento e innovación en tecnoloxías que faciliten facer accesibles os diferentes contidos culturais e os dispositivos e procesos de accesos aos mesmos.

A presente convocatoria está rexida por unha serie de pautas e características que se detalla no seguinte apartado.

1.2. CARACTERÍSTICAS DAS AXUDAS

- a. O importe total destinado ás axudas é de CEN MIL EUROS (100.000,00€) para a presente convocatoria
- b. A concesión das subvencións efectúase en réxime de concorrencia competitiva.
- c. O importe para subvencionar (por entidade) en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas obtidas pola propia entidade, supere o custo da actividade/proxecto presentado para a presente convocatoria obxecto da subvención.

- d. Será posible de subvencionar de forma parcial ou a totalidade do proxecto (alcanzando o 100% do custo total do proxecto presentado).
- e. A contía mínima que se poderá conceder a cada proxecto será de TRES MIL EUROS (3.000€) e a máxima de DEZ MIL EUROS (10.000€).
- f. Soamente admítese a presentación dun proxecto por entidade cultural.
- g. O beneficiario poderá subcontratar parcialmente a actividade subvencionada nos termos do artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións. A actividade subvencionada que, no seu caso, o beneficiario subcontrate con terceiros non excederá do 20% do importe da subvención

2. REQUISITOS DOS PROXECTOS A PRESENTAR

Os proxectos presentados deberán reunir e axustarse integramente ás seguintes características:

- a. Deberán propoñer actuacións que favorezan a actividade artística e cultural, contemplando de forma transversal a igualdade de oportunidades e a inclusión de persoas en risco de exclusión cultural, con especial atención a colectivos de persoas con discapacidade e/ou persoas en risco de exclusión social
- b. Estar baseados e estruturados nunha planificación e metodoloxía específica que permita garantir a consecución dos obxectivos e fins de integración e transformación social, aos que pretende cubrir esta convocatoria.
- c. Proxectos deseñados específicos para a presente convocatoria, podendo ser parte da programación e/ou actividades habituais pero que respondan e contribúan indubidablemente a algunha das finalidades referidas na base 1ª.
- d. Realizarse en colaboración con polo menos unha entidade pertencente ao terceiro sector, especializada na atención dalgúns dos colectivos de vulnerabilidade social descritos anteriormente (colectivos de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social) e debidamente documentada mediante o convenio de colaboración formalizado con esta.
- e. Os vínculos con institucións educativas ou outras institucións de atención a nenos e mozos en idade escolar, valoraranse positivamente, a condición de que non constitúa a única colaboración social do proxecto..
- f. O ámbito de realización do proxecto será o termo municipal da Coruña, sen prexuízo de que se realicen determinadas actividades fóra deste perímetro, atendendo á súa natureza ou ás condicións específicas do colectivo destinatario..
- g. O período de execución dos proxectos debe estar comprendido entre a data de firma de convenios ata o 31 de agosto de 2022.
- h. Deben contemplarse na planificación do proxecto, o medidas control e prevención necesarias para garantir a saúde e seguridade dos participantes e do persoal da entidade de acordo coa normativa e recomendacións que diten as autoridades competentes.
- i. En todo caso, a solicitude incluirá as determinacións que permitan a súa avaliación conforme aos criterios de valoración destas bases.

Aquelas solicitudes que non respondan a estas condicións, non serán obxecto de valoración por parte da Comisión de Avaliación

3. REQUISITOS DAS ENTIDADES SOLICITANTES

Adicionalmente ao sinalado no apartado anterior, poderán concorrer a esta convocatoria as entidades que reúnan os seguintes requisitos, ademais dos dispostos no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións::

- a. Que sexan entidades culturais e así o establezan nos seus estatutos.
- b. Que sexan privadas e sen fin de lucro
- c. Que estean legalmente constituídas.
- d. Que teñan a sede social no termo municipal da Coruña.
- e. Que estean rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC).
- f. Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e de Seguridade Social, no seu caso. .
- g. Que estean ao corrente das obrigacións establecidas en convocatorias anteriores do Concello da Coruña e da Fundación Emalcsa, no momento de concesión da axuda.
- h. Que no exercicio da súa actividade non fose sancionada nin condenada por resolución administrativa ou por resolución xudicial firme por incorrer en discriminación nos termos previstos na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de Igualdade.
- i. Que no exercicio da súa actividade utilicen unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empreguen a imaxe das mulleres como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- j. Que as persoas da entidade (incluído o persoal voluntario e contratado para o efecto), que traballe en actividades que impliquen contacto habitual con menores acrediten que non foron condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos mediante a posesión da correspondente certificación negativa expedida polo Rexistro Central de Delinquentes Sexuais (artigo 13.5 da Lei 26/2016, do 28 de xullo que modifica a Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección Xurídica do Menor).

Estes requisitos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación das solicitudes, debéndose manter todos eles ao longo do tempo que dure o proxecto presentado. Así mesmo, o incumprimento destes requisitos na data de peche do prazo de presentación de solicitudes, considerarase criterio excluínte para a participación na convocatoria.

4. CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

O procedemento de valoración das solicitudes realizarase conforme aos seguintes criterios que avalían, por unha banda, a entidade e, por outra, o proxecto presentado

A información que dá lugar á valoración de cada un destes criterios deberá estar debidamente acreditada na documentación para presentar coa solicitude, que se detalla na base 6.

A información disposta no Formulario de presentación de proxectos, deberá incluír toda a información requirida, e con especial atención ao recollido nesta base, para posibilitar a correcta valoración das solicitudes. Non se terán en conta aqueles aspectos que non fosen referenciados no correspondente Formulario de presentación de proxecto presentado pola entidade solicitante. Así mesmo, a presentación dunha memoria adicional do proxecto, soamente terase en consideración para ampliar a información remitida no Formulario de presentación de proxectos

4.1 VALORACIÓN DA ENTIDAD (ATA 20 PUNTOS):

- a) Experiencia demostrada pola entidade na realización e xestión de actividades artísticas e culturais, durante o curso dos 2 últimos anos, debidamente documentadas na memoria de actividades da entidade. *Ata 6 puntos.*

Valorarase con 0,3 cada actividade artística e cultural promovida e realizada pola propia entidade (de distinta tipoloxía). Para a acreditación das actividades, ademais de referenciarse oportunamente no Formulario de presentación de proxectos, deberá presentarse unha memoria de actividades adicional, onde se detalle de forma clara (nome da actividade, período de execución, finalidade da actividade, principais resultados alcanzados, número e tipo de beneficiarios participantes, entidades sociais colaboradoras e lugar de realización).

- b) Fomento da Inclusión de persoas con discapacidade, a través da participación das mesmas na entidade como traballadores (debidamente acreditado mediante o Modelo 2 de declaración responsable establecido pola Fundación Emalcsa). *Ata 2 puntos*

Valorarase con 1 punto a inclusión de cada persoa cun grao de discapacidade do 33% ou superior que se vincule directamente á entidade en calidade de traballador e cuxa relación laboral atópese establecida dentro do período do 1 de xaneiro do 2020 ata o actual período de presentación das solicitudes.

- c) Estrutura organizativa e medios que aseguren a viabilidade na xestión da axuda solicitada. *Ata 6 puntos.*

Valorarase a estrutura económica e organización dos recursos humanos da entidade, así como a dispoñibilidade de instalacións ou espazos garantidos (proprios ou cedidos ao momento da solicitude), para o desenvolvemento regular das actividades culturais, a fin de garantir que o proxecto estea promovido por unha entidade solvente e capacitada para a súa implantación.

d) Traxectoria da entidade na xestión de subvencións e na obtención de recoñecementos e/ou méritos no ámbito cultural, de carácter público, debidamente acreditados. *Ata 6 puntos.*

- Valorarase a experiencia da entidade na recepción de subvencións públicas para o desenvolvemento de proxectos culturais, nos últimos 4 anos a contar desde a data de publicación da presente convocatoria. Valorarase con 0,375 cada subvención pública recibida por parte da entidade; ata un máximo de 3 puntos.
- Valorarase con 1 punto cada recoñecemento e/ou mérito de carácter público recibido a nome da entidade (p.ex. premios, mencións, etc.) e que poidan estar debidamente acreditados e que foran recibidos nos últimos 4 anos a contar desde a data de publicación da presente convocatoria; ata un máximo de 3 puntos.

4.2 VALORACIÓN DO PROXECTO PRESENTADO (ATA 80 PUNTOS):

Poderán ser obxecto de axuda proxectos definidos, específicos, e que presenten actuacións concretas. En ningún caso, serán obxecto de valoración aqueles proxectos que inclúan actividades atemporais ou que non permitan estimar o custo das actividades obxecto da axuda solicitada..

a) Calidade técnica, viabilidade e necesidade do proxecto. *Ata 20 puntos.*

A valoración deste criterio atenderá á formulación de forma directa, clara e completa da información solicitada no formulario de presentación de proxecto, de modo que facilite a súa comprensión e demostre a coherencia xeral entre os seguintes aspectos:

- Xustificación e necesidade da realización do proxecto no ámbito municipal de forma clara e obxectiva.
- A definición de obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e temporalizados.
- A identificación do colectivo ou dos colectivos destinatarios do proxecto (idade, característica) e a xustificación da súa selección.
- A afinidade das características do proxecto cos requisitos estipulados na base 1ª deste documento.
- A planificación e temporalidade do proxecto: valorarase positivamente a sustentabilidade do proxecto ao longo de todo o período obxecto da convocatoria, e a súa continuidade unha vez finalizada a mesma, permitindo a estabilidade na programación cultural e a interacción dos beneficiarios.
- Principais resultados esperados co desenvolvemento do proxecto, sendo alcanzables, relevantes e medibles.
- Incorporación de medidas de axuste e adaptación dos proxectos para garantir a continuidade e o alcance dos obxectivos en caso de establecerse restricións que suspendan a actividade cultural. En todo caso, as medidas de axuste presentadas deberán sempre dar cumprimento aos obxectivos do proxecto.

b) Tipoloxía do proxecto, calidade da programación e interese do proxecto desde o punto de vista cultural artístico. *Ata 20 puntos.*

Valorarase a temática, calidade da proposta e o interese cultural artístico das actividades propostas no proxecto e o impacto previsible en relación co público obxectivo, atendendo aos seguintes parámetros:

- Carácter innovador, a aplicación de novas tecnoloxías e a experimentación de novos formatos no ámbito cultural.
- O proxecto conta cunha programación cultural descentralizada e diversa, o que contribúe a unha maior participación e aproximación da cidadanía.
- Valoraranse os proxectos atendendo á seguinte orde de prioridade:
 1. Proxectos que desenvolvan unha proposta de creación artística e cultural por exemplo Artes visuais, Artes escénicas, Cinema, Audiovisual, Música e son.
 2. Proxectos interdisciplinarios de debate cultural e de pensamento, proxectos de cultura popular e tradicional..

c) Complexidade do proxecto, nivel de integración e inclusión social dos diversos colectivos no proxecto cultural. *Ata 15 puntos.*

- Complexidade dos proxectos e as súas actividades atendendo ao tipo de beneficiarios aos que vai dirixido.
- Contribución á integración dos colectivos, a través de actividades abertas a todo o público, erradicando barreiras para a integración dos participantes con exclusión cultural.
- O proxecto inclúe en esencia un traballo de acompañamento e apoio nos procesos creativos nas súas diferentes fases (investigación, idea, creación, produción e exhibición)
- Contempla certa programación estable, periódica, que permite xerar un espazo de aprendizaxe e evolución nos procesos creativos e artísticos.
- Valorarase positivamente aquelas accións adicionais, que visibilicen e promociónen á muller, promovendo a igualdade de xénero no ámbito da cultura.

d) Participación activa de organizacións especializadas na atención de colectivos destinatarios do proxecto, en base os termos descritos nos convenios e/ou cartas de compromiso de colaboración presentados. *Ata 10 puntos.*

A valoración deste criterio atenderá á información recollida tanto no Formulario de presentación de proxecto, como nos convenios/cartas de colaboración con entidades do terceiro sector. Só teranse en conta a efectos de valorar este criterio as colaboracións que inclúan a participación de usuarios das entidades sociais, que interactúen de forma activa e directa nas actividades do proxecto e nos que se detalle explicitamente as condicións nas que levarán a cabo dita colaboración. As mesmas, valoraranse de acordo coa formalidade establecida no momento de presentación da solicitude, contabilizándose unicamente os convenios de colaboración asinados ou carta de compromiso de colaboración da entidade social. .

As colaboracións de entidades sociais con experiencia e especialización na atención aos colectivos beneficiarios, valorarase atendendo á seguinte orde de prioridade:

1. Colaboración de organizacións sociais con experiencia e especialización na atención aos colectivos de persoas con discapacidade, ou organizacións sociais con atención aos colectivos de persoas con exclusión social, en base ao seu grao de implicación no proxecto.
 2. Colaboración de organizacións sociais con experiencia e especialización na atención aos colectivos de nenos e novos (en idade escolar) en base ao seu grao de implicación no proxecto.
- e) Capacidade e compromiso do proxecto para impulsar o tecido asociativo na cidade da Coruña. *Ata 5 puntos.*
- O proxecto cultural interactúa con distintos sectores culturais permitindo unha maior posta en valor, creación de sinerxías e captación de novos públicos.
 - O proxecto contempla, ademais das colaboracións con entidades sociais, apoio a través de socios, voluntarios, familiares dos beneficiarios, etc., o que permite evidenciar a súa vinculación ao tecido social e cultural.
 - O proxecto impacta positivamente no tecido cultural e socio laboral, a través da contratación de equipo/persoal de produción e artistas locais. Para a contratación de persoas, deberá detallarse cantidade de persoas, funcións e número de horas de contratación.
- f) Coherencia orzamentaria a través da especificación de todos os custos de execución do proxecto, o seu cálculo e a súa xustificación de acordo aos obxectivos e actividades do proxecto. *Ata 5 puntos.*

Atendendo á definición dun orzamento desagregado segundo a tipoloxía dos gastos, valorarase:

- O nivel de detalle que permita comprobar que todos os conceptos de gastos incluídos no orzamento son subvencionables.
 - A adecuación dos gastos ás actividades presentadas e do custo asignado a cada un.
 - A Incorporación de datos precisos que permitan coñecer como se calcularon os importes presentados para cada partida.
- g) Accións de publicidade (adicionais ás mínimas requiridas na base 13) para dar visibilidade ao proxecto presentado e ao programa Cultura Accesible e Inclusiva, así como á colaboración recibida por parte da Fundación Emalcsa. *Ata 5 puntos:*

Valorarase a integración das seguintes accións no plan de publicidade:

- Sitio web propio do proxecto (ou espazo na web da entidade) actualizado e verificable a través do link facilitado.

- Creación dun *hashtag* propio (e exclusivo) para o proxecto cultural que permita identificar as publicacións específicas relacionadas con este.
- Redes sociais propias do proxecto cultural, con perfís actualizados e cun funcionamento regular, nos que se realicen publicacións polo menos cunha periodicidade quincenal. En caso de utilizar as redes sociais propias da entidade, o proxecto dispón dun espazo relevante nas publicacións garantindo como mínimo, a periodicidade quincenal..
- Elaboración de material audiovisual como peche de proxecto.

4.3 VALORACIÓN DA CALIDADE DA INTERVENCIÓN NA V CONVOCATORIA DE CULTURA ACCESIBLE E INCLUSIVA (ATA 10 PUNTOS):

Experiencia demostrada pola entidade cultural na execución de proxectos culturais e a xestión de fondos concedidos pola Fundación Emalcsa, no marco da V Convocatoria Cultura Accesible e Inclusiva. *Ata 10 puntos.*

Avaliarase a execución e xustificación dos proxectos realizados ao amparo da V Convocatoria de Cultura Accesible, resultante da valoración das accións de supervisión e seguimento realizadas durante a mencionada convocatoria. Aplicable só a aquelas entidades solicitantes, que fosen beneficiarias da convocatoria anterior, realizando a pertinente ponderación da súa puntuación para equiparala coas solicitudes non beneficiarias.

5. CONDICIÓN DE FINANCIAMENTO

5.1 GASTOS ELIXIBLES

Considéranse gastos elixibles aqueles que de maneira indubidable sexan necesarios para atender á natureza do proxecto exposto, en base ás seguintes especificacións:

- a) Gastos do persoal directamente implicado no proxecto proposto e as súas actividades.
- b) Desprazamentos (viaxes, aloxamentos e manutención).
- c) Equipamento cultural ou gastos relacionados coa montaxe de eventos culturais.
- d) Comunicación e márketing relacionada co proxecto cultural.
- e) Gastos para a eliminación de barreiras físicas ou sensoriais en lugares onde se desenvolvan as actividades do proxecto.
- f) Gasto de reforma de inmobles.
- g) Poderá incluírse como gastos indirectos do proxecto gastos xerais da entidade co límite do 10% do orzamento inicial ou do gasto executado se é menor.
- h) Gastos relacionados con material sanitario e de seguridade para facer fronte ás medidas de prevención, seguridade e saúde necesarias para o correcto desenvolvemento do proxecto. Terase en conta tanto a protección individual para o persoal da entidade e os colectivos beneficiarios como a adecuación das medidas de seguridade nas instalacións onde leven a cabo as actividades.

Período de imputación de gastos: desde a data de firma do convenio ata a data límite de xustificación (31 de agosto de 2022).

Con carácter xeral non serán financiábles as amortización de operacións crediticias, gastos ou custos financeiros nin de asesoría, salvo que se traten de gastos imprescindibles para a adecuada preparación do proxecto.

Non se considerará gasto elixible o asociado a accións de recadación de fondos para fins solidarios.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En todo caso, deberá acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade. Unicamente considerábase gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Non se admitirán xustificantes de gasto e pago con data anterior ao comezo do proxecto.

5.2 OUTRAS APORTACIÓN AO FINANCIAMENTO

A achega da Fundación Emalcsa non está limitada a unha porcentaxe máxima do custo do proxecto.

A obtención con posterioridade á concesión da axuda por parte de Fundación Emalcsa doutras subvencións para o mesmo proxecto procedentes de calquera Administracións ou Entes Públicos ou privados nacionais ou internacionais, comunicárase de inmediato por escrito á Fundación Emalcsa, especificando a contía e destino que se dará aos devanditos fondos dentro do proxecto. En ningún caso o financiamento pode exceder do custo do proxecto.

6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

6.1 DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

- a) Instancia de solicitude de colaboración segundo Modelo 1 establecido pola Fundación Emalcsa (dispoñible na web da Fundación www.fundacionemalcsa.es).
- b) Estatutos polos que se rexe a entidade (agás que os presentara na convocatoria anterior e non se modificaron)
- c) Balance e conta de resultados normalizados (adaptados ao Plan Xeral Contable) do exercicio 2020. En leste debe contemplarse a presentación do orzamento liquidado da entidade para o 2020.
- d) Certificado do número do REMAC (Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas). A entidade solicitante que presentase este documento para convocatorias anteriores, queda exenta de volver presentalo.
- e) Certificación dos datos bancarios da entidade (orixinal expedido pola entidade bancaria nos últimos 6 meses).
- f) Certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e de Seguridade Social, no seu caso, emitidos dentro dos 6 meses previos á presentación da solicitude.
- g) Declaración responsable (segundo Modelo 2 establecido pola Fundación Emalcsa dispoñible na súa páxina web www.fundacionemalcsa.es) para a acreditación de persoas con discapacidade que estean vinculadas á entidade mediante unha relación laboral.
- h) Declaración responsable (segundo Modelo 3 establecido pola Fundación Emalcsa dispoñible na súa páxina web www.fundacionemalcsa.es).
- i. De que a entidade non está incurso en ningún dos supostos de prohibición establecidos no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.
- ii. Que a entidade está ao corrente das obrigacións establecidas en convocatorias anteriores do Concello da Coruña e da Fundación Emalcsa, no momento de concesión da axuda.
- iii. Relativa a que a entidade no exercicio da súa actividade non fose sancionada nin condenada por resolución administrativa ou por resolución xudicial firme por incorrer en discriminación nos termos previstos na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de Igualdade.
- iv. De que no exercicio da súa actividade utilicen unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empreguen a imaxe das mulleres como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- v. Relativa a que todas as persoas da entidade (incluído o persoal voluntario e contratado para o efecto), que traballe en actividades que impliquen contacto

habitual con menores, acrediten que non foron condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidad sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos contan coa correspondente certificación negativa expedida polo Rexistro Central de Delinquentes Sexuais (artigo 13.5. da Lei 26/2016, do 28 de xullo que modifica a Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección Xurídica do Menor).

- vi. Se o proxecto para o que se solicita axuda nesta convocatoria foi obxecto de solicitude ou concesión de axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas e, no seu caso, orixe e importe.
- vii. Vixencia e veracidade de toda a información achegada ao obxecto de concorrer a esta convocatoria.

6.2 DOCUMENTACIÓN DO PROXECTO

- a) Formulario de presentación de proxectos segundo Modelo 4 establecido (dispoñible na web da Fundación). Deberá incluír información completa e clara que permita a súa avaliación, atendendo aos criterios recolleitos na base 4 e a descrición explícita de cada un dos elementos que van ser obxecto de valoración.
- b) Convenio de colaboración ou carta de compromiso de colaboración de cada entidade social interesada en participar no desenvolvemento do proxecto presentado (segundo exemplo modelo provisto pola Fundación Emalcsa). Neste último caso, a carta debe expresar polo menos a intención de asinar un convenio de colaboración específico para o desenvolvemento do proxecto e describir os termos da colaboración da organización social. En caso de resultar beneficiaria, a entidade que non presente os acordos de colaboración con entidades sociais no momento da solicitude deberá achegalos dentro do mes seguinte á firma do convenio de colaboración coa Fundación Emalcsa.

Non se admitirán aquelas solicitudes que non acheguen a instancia de solicitude (punto 6.1.a) nin o formulario de presentación de proxecto (punto 6.2.a) dentro do prazo de presentación estipulado na base 7ª.

Os documentos deberán ser orixinais, copias autenticadas ou fotocopias debidamente compulsadas.

En relación ao formulario de presentación, as entidades solicitantes poderán achegar toda aquela documentación complementaria que estimen oportuna para a mellor valoración da súa solicitude.

A Fundación Emalcsa garante a confidencialidade da documentación achegada polas entidades solicitantes.

6.3 INFORMACIÓN DE CONTACTO PARA COMUNICACIONES

As entidades solicitantes deberán indicar na instancia de solicitude e no formulario de presentación unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono de contacto que servirán para que a Fundación Emalcsa poida notificar calquera aspecto relacionado coa

convocatoria, tanto para emendar defectos e/ou requirir información ou documentación adicional nas fases de solicitude e concesión de axudas, como durante a etapa de avaliación intermedia e xustificación destas.

Así mesmo, dirixiranse a esta dirección de correo electrónico as notificacións relativas á resolución de axudas e calquera outra comunicación necesaria para o seguimento e control dos proxectos aprobados.

A non operatividade da dirección de correo electrónico ou número de teléfono liberan de toda responsabilidade á Fundación Emalcsa.

6.4 SUBSANACIÓN

